



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA
"LAURO OLMO"

Tif: 988 320 175 • Fax: 988 321 486

Rúa Calabagueiros s/n • 32300 O Barco (Ourense)

e-mail: ies.lauro-olmo.valdeorras@edu.xunta.es

web: www.ieslauroolmo.gal



CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA

Aprobados o día 11 de abril de 2019 na CCP

MATRÍCULA DE HONRA EN 4º ESO NA ESO

Segundo a resolución do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Matrícula de honra: ***o alumnado que, despois da avaliación ordinaria do mes de xuño de cuarto curso, obteña unha nota media da etapa igual ou superior a 9, poderá obter a distinción de matrícula de honra (MH). Esta distinción concederáse a un número non superior ao 5 %, ou fracción resultante superior a quince do conxunto do alumnado matriculado no centro educativo en cuarto curso.*** En todo caso, esta distinción adoptárase conforme aos criterios previamente acordados e establecidos na Comisión de Coordinación Pedagóxica e consignárase nos documentos de avaliación mediante unha dilixencia específica.

O IES Lauro Olmo concederá a matrícula de honra como ten estipulado dende a CCP e ven realizando os últimos anos serán:

- Mellor nota media global na ESO.
- Maior número de materias clasificadas cun 10 en 4º da ESO.
- Maior número de materias cualificadas cun 9 en 4º da ESO.
- Maior número de materias clasificadas cun 10 en 3º da ESO.
- Maior número de materias cualificadas cun 9 en 3º da ESO.
- Maior número de materias clasificadas cun 10 en 2º da ESO
- Maior número de materias cualificadas cun 9 en 2º da ESO
- Maior número de materias cualificadas cun 10 en 1º da ESO
- Maior número de materias cualificadas cun 9 en 1º da ESO
- En caso de empate, farase a sorteo.

Ao sorteo público asistirá convocado pola xefatura de Estudos, o alumnado que aspire a ter a matrícula de honra, poden asistir os pais e nais ou titores legais dos mesmos . Estarán presentes os titores ou titoras de 4º da ESO e o



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA
"LAURO OLMO"

Tif: 988 320 175 • Fax: 988 321 486

Rúa Calabagueiros s/n • 32300 O Barco (Ourense)

e-mail: ies.lauro-olmo.valdeorras@edu.xunta.es

web: www.ieslauroolmo.gal



secretario do centro, quen levantará a acta, que se axuntará á acta da sesión de avaliación.

- **MATRÍCULA DE HONRA EN 2º BACHARELATO**

Matrícula de honra. *Os alumnos e as alumnas que obtivesen no segundo curso de bacharelato unha nota media igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. Dita mención concederáse a un número de alumnos e alumnas non superior ao 5% do total de alumnado deste curso*

A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación do alumno ou alumna. A concreción curricular do bacharelato incluírá nas directrices xerais os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado.

O IES Lauro Olmo concederá a matrícula de honra como ten estipulado dende a CCP e ven realizando os últimos anos serán:

- Mellor nota media en 2º bacharelato.
- En caso de empate os criterios de desempate serán os que seguen e por esta orde:
 - o Maior número de materias cualificadas cun 10.
 - o Maior media de materias cualificadas cun 9.
 - o Media de 1º de bacharelato.
 - o Número de materias cualificadas cun 10 en 1º Bacharelato.
 - o Número de materias cualificadas cun 9 en 1º Bacharelato..
 - o En caso de persistir empate, farase un sorteo público.

Ao sorteo público asistirá convocado pola xefatura de Estudos, o alumnado que aspire a ter a matrícula de honra, poden asistir os pais e nais ou titores legais dos mesmos . Estarán presentes os titores ou titoras de 2º de bacharelato e o secretario do centro, quen levantará a acta, que se axuntará á acta da sesión de avaliación.

- ❖ O IES Lauro Olmo publicitará os criterios da obtención da matrícula de honra a través da páxina web, nos taboleiros das aulas de 4º da ESO e 2º de bacharelato e informará ós grupos a través dos titores